DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 47 | Mércores, 6 de marzo de 2024 | Páx. 17203

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*ORDE do 29 de febreiro de 2024 pola que se modifica a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D).*

XUNTA DE GALICIA — Financiado pola Unión Europea NextGenerationEU — GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO — Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

O día 26 de xaneiro de 2024, a Consellería do Medio Rural publicou a Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D) (DOG núm. 19).

Esta orde fináncias e integramente a través dos fondos asignados á Xunta de Galicia con cargo ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, mediante o instrumento do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

A orde configúrase en dúas liñas de axudas, a liña I (rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas), que ten o seu encaixe no Investimento 3, (I3) e a liña II (xestión forestal sustentable para para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas), que se encadra no investimento 4 (I4) do compoñente 4 (C4) do Plan de recuperación, transformación e resilencia de España.

A Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, na súa reunión por procedemento escrito entre os días 23 e 31 de outubro de 2023, aprobou o Acordo polo que se modifican e actualizan determinados acordos relativos ao compoñente 4 do Plan de recuperación, trans-

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

formación e resiliencia, froito da experiencia e necesidades xurdidas na súa aplicación, no cal acordou autorizar unha redistribución de créditos entre as actuacións do investimento 3 (I3) do compoñente 4 (C4).

Ese acordo permite incorporar 1.240.711 euros na actuación de xestión forestal sustentable de frondosas autóctonas do investimento 3 (I3) do compoñente 4 (C4), o que implica que a consignación orzamentaria da liña I (rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas) sería de 1.500.689 euros, unha vez feitos os trámites e modificacións orzamentarias oportunos.

No anexo X (limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos) da citada orde, tanto para a liña I (rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas) como para a liña II (xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas) establécese a obrigatoriedade de, unha vez rematados os traballos silvícolas, extraer ou triturar os restos que se obteñan como consecuencia do tratamento.

Esta condición técnica está en consonancia co establecido no artigo 38 (Extracción ou trituración da biomasa forestal residual) do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia, que establece que a realización de calquera tipo de aproveitamento madeireiro ou leñoso implicará a extracción ou a trituración da biomasa forestal residual, consonte a lexislación vixente.

Tamén está en consonancia co establecido no Referente de boas prácticas forestais (anexo II da Orde do 19 de maio de 2014 pola que se establecen os modelos silvícolas ou de xestión forestal orientativos e referentes de boas prácticas forestais para os distritos forestais de Galicia, modificada pola Orde do 9 de febreiro de 2021) que, no seu punto 9, establece que as persoas xestoras forestais se comprometen a cumprir coa trituración dos restos forestais ou, alternativamente, poderán retirar os restos do monte.

O criterio técnico aconsella a eliminación dos restos que se obteñan dos tratamentos silvícolas porque supoñen un risco para a aparición de pragas ou enfermidades forestais; ademais, contribúe á prevención dos incendios forestais ao eliminar o combustible do sotobosque.

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

Por todo o exposto, considérase adecuado engadir como actuación elixible e, polo tanto, subvencionable a eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñen como consecuencia do tratamento, o que supón engadir e cuantificar un novo prezo unitario, para compensar o custo que supón para a persoa beneficiaria da subvención o cumprimento da lexislación vixente.

En resumo, engádese a unidade de obra de eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñen como consecuencia do tratamento nas masas consolidadas de frondosas autóctonas, co fin de acadar unha mellor conservación destas masas e a prevención de incendios forestais.

Tamén se corrixe un erro na parte expositiva da orde, que fai referencia ao artigo 93 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que non ten en conta as últimas modificacións do texto lexislativo.

Como consecuencia desta modificación e para garantir a concorrencia competitiva, resulta preciso modificar o prazo de presentación de solicitudes establecido na convocatoria por un prazo dun mes, en consonancia co establecido no artigo 29 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta ampliación permite que as persoas que xa formularon solicitude no prazo transcorrido ata a modificación desta orde poidan manter ou modificar a solicitude, ou que aquelas persoas que non formulasen solicitude con anterioridade poidan formulala tendo en conta as novas condicións.

De conformidade co previsto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de acordo co disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e demais normativa concorrente,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Modificación da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión*

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

*Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D)*

A Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D), queda redactada como segue:

Un. Na parte expositiva da orde corríxese un erro no parágrafo 10, que queda redactado como segue:

«As masas consolidadas de frondosas autóctonas regúlanse no artigo 93 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, como masa de frondosas do anexo I da citada norma, cunha superficie de polo menos 15 hectáreas e unha idade media de polo menos vinte anos».

Dous. Modifícase o número 1-1.1. 1º do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

«1º. A roza, a formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e/ou poda ata 1/3 da altura como mínimo, a selección de abrochos, as desmestas e a eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñen como consecuencia do tratamento».

Tres. Modifícase o número 1-1.2 do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

2.2. A densidade final mínima despois do tratamento será de 500 pés/ha e a máxima de 1.200 pés/ha.

Catro. Modifícase o número 1-1.3 do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

«1.3. Poderán solicitarse e acumularse diferentes actuacións dos puntos 1º e 2º sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 3.340 €, sen incluír os custos de redacción de proxecto e o panel informativo».

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

Cinco. Modifícase o número 2-2.1 1º do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

«1º. A roza, a formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e/ou poda ata 1/3 da altura como mínimo, a selección de abrochos, as desmestas e a eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñen como consecuencia do tratamento».

Seis. Modifícase o número 2-2.2 do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

2.2. A densidade final mínima despois do tratamento será de 333 pés/ha e a máxima de 500 pés/ha.

Sete. Modifícase o número 2-2.3 do artigo 4 da referida orde, que queda redactado como segue:

«1.3. Poderán solicitarse e acumularse diferentes actuacións dos puntos 1º e 2º sobre unha mesma superficie sempre que o importe por hectárea non supere os 3.340 €, sen incluír os custos de redacción de proxecto e o panel informativo».

Oito. Engádese no artigo 6 da referida orde o punto 8, que queda redactado como segue:

«8. En todo caso, de existiren aproveitamentos madeireiros e leñosos, a persoa beneficiaria debe cumprir co estipulado no Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia».

Nove. Modifícase o número 1.a) do artigo 25 da referida orde, que queda redactado como segue:

«1. As accións previstas na liña I de esta orde financiaranse, nos exercicios 2024 e 2025, con cargo aos seguintes códigos de proxecto:

a) 14.03.713B.770.0 2022 00221, excepto para entidades locais, por un importe de 1.487.642,08 euros, distribuídos do seguinte xeito:

– 148.764,21 euros para o ano 2024.

– 1.338.877,87 euros para o ano 2025».

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Dez. Engádese no anexo I (solicitude) na epígrafe «Tipos de actuación e datos do investimento», unha actuación, que queda redactado como segue:

| Tipo de actuación (segundo o artigo 4 e anexo IX) | Actuación | Superficie total por tratamento (en hectáreas) ou unidades | Investimento (sen IVE) |
|---|---|---|---|
| □ Eliminación, extracción ou triturado de restos | Eliminación, extracción ou triturado de restos | | |

Once. Engádese no anexo I-bis (solicitude) na epígrafe «Tipos de actuación e datos do investimento» unha actuación, que queda redactado como segue:

| Tipo de actuación (segundo o artigo 4 e anexo IX) | Actuación | Superficie total por tratamento (en hectáreas) ou unidades | Investimento (sen IVE) |
|---|---|---|---|
| □ Eliminación, extracción ou triturado de restos | Eliminación, extracción ou triturado de restos | | |

Doce. Engádese no anexo IV (documento descritivo das actuacións) na epígrafe «II. Actuacións que se van realizar» unha actuación, que queda redactado como segue:

| II. Actuacións que se van realizar |
|---|
| □ Eliminación, extracción ou triturado de restos |

Trece. Engádese no anexo IV-bis (documento descritivo das actuacións) na epígrafe «II. Actuacións que se van realizar» unha actuación, que queda redactado como segue:

| II. Actuacións que se van realizar |
|---|
| □ Eliminación, extracción ou triturado de restos |

Catorce. No anexo IX (valores máximos atendibles por actuación e unidades de obra) para a liña I (rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas relacionadas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, e que cumpran os criterios do artigo 2 e 3 do Decreto 167/2019, do 5 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas salvo o requisito relativo á superficie), engádese o punto 7, que queda redactado como segue:

7. Eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñan como consecuencia do tratamento en masas consolidadas de frondosas autóctonas

| Concepto | Importe en € | Nº de clave |
|---|---|---|
| Eliminación, extracción ou triturado dos restos dos tratamentos (€/ha) | 850,62 | M36 |

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

Quince. No anexo IX (valores máximos atendibles por actuación e unidades de obra) para a liña II (Xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas relacionadas no anexo I da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia), engádese o punto 9, que queda redactado como segue:

9. Eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñan como consecuencia do tratamento en masas consolidadas de frondosas autóctonas.

| Concepto | Importe en € | Nº de clave |
|---|---|---|
| Eliminación, extracción ou triturado dos restos dos tratamentos (€/ha) | 850,62 | M36 |

Dezaseis. No anexo X (limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos) para a liña I (rexeneración e/ou mellora de masas consolidadas de frondosas autóctonas) modifícase a primeira liña da táboa, que queda redactada como segue:

| Concepto | Condicións técnicas mínimas que deben cumprir os traballos |
|---|---|
| Unha vez rematados os traballos é obrigatoria a eliminación, extracción ou o triturado dos restos que se obteñan como consecuencia do tratamento | |

Dezasete. No anexo X (limitacións de uso e condicións técnicas mínimas dos traballos) para a liña II (xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas) modifícase a primeira liña da táboa, que queda redactada como segue:

| Concepto | Condicións técnicas mínimas que deben cumprir os traballos |
|---|---|
| Unha vez rematados os traballos é obrigatoria a eliminación, extracción ou o triturado dos restos que se obteñan como consecuencia do tratamento | |

Dezaoito. No anexo XI (instrucións de remisión da información), na parte anexo XI-B (Instrucións de remisión da información do proxecto en soporte dixital e vectorial) engádese unha nova liña ao final da táboa de codificación do campo Act (unidades de obra), que queda redactada como segue:

| | | | |
|---|---|---|---|
| M36 | Eliminación, extracción ou triturado dos restos que se obteñan como consecuencia do tratamento | Eliminación, extracción ou triturado de restos (€/ha) | Número |

Artigo 2. *Ampliación de prazo*

Modificase o prazo de presentación de solicitudes establecido no artigo 11.1 da Orde do 26 de decembro de 2023 nun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

Esta ampliación permite que as persoas que xa formularon solicitude no prazo transcorrido ata a modificación desta orde poidan manter ou modificar a solicitude ou que aquelas persoas que non formulasen solicitude con anterioridade poidan formulala tendo en conta as novas condicións.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de febreiro de 2024

José González Vázquez
Conselleiro do Medio Rural

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

| PROCEDEMENTO | CÓDIGO DO PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|---|---|---|
| REXENERACIÓN E/OU MELLORA DE MASAS CONSOLIDADAS DE FRONDOSAS AUTÓCTONAS | MR620C | SOLICITUDE |

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TIPO | NOME DA VÍA | NÚM. | BLOQ. | ANDAR | PORTA |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | |

| PARROQUIA | LUGAR |
|---|---|
| | |

| CÓDIGO POSTAL | PROVINCIA | CONCELLO | LOCALIDADE |
|---|---|---|---|
| | | | |

| TELÉFONO 1 | TELÉFONO 2 | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|---|
| | | |

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

| EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA) |
|---|
| |

## DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal (https://notifica.xunta.gal).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

| TELÉFONO MÓBIL | CORREO ELECTRÓNICO |
|---|---|
| | |

## DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

| TITULAR DA CONTA | NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS) | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | IBAN | | | | | | |

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

**ANEXO I**
**(continuación)**

**TIPO DE SOLICITANTE**

- ○ Comunidade de montes veciñais en man común
- ○ Persoa propietaria particular a título individual
- ○ Sociedade de fomento forestal (Sofor)
- ○ Sociedade ou agrupación de persoas propietarias particulares formalmente constituída
- ○ Pro indiviso (varias persoas copropietarias)
- ○ Cooperativa agraria
- ○ Comunidade de bens
- ○ Outras persoas xurídicas
- ○ Pro indiviso legalmente constituído (varias persoas copropietarias), montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou fabeo
- ○ Entidade local

**OUTROS DATOS (marcar o que proceda)**

| | | |
|---|---|---|
| **1- Actuacións en terreos inscritos no Rexistro de Masas Consolidadas de Frondosas Autóctonas (RMCFA)** | ○ Si | ○ Non |
| **2 - Superficie (ha) da masa de frondosas autóctonas inscrita no RMCFA** | | |
| **3- Persoa solicitante é unha CMVMC** | ○ Si | ○ Non |
| **4- Persoa solicitante é unha agrupación forestal de xestión conxunta** | ○ Si | ○ Non |
| **5- Actuación en zonas clasificadas como Rede Natura 2000** | ○ Si | ○ Non |
| **6- Actuacións en superficies incluídas no Rexistro Público de Terreos Forestais de Pastoreo** | ○ Si | ○ Non |
| **7- Actuacións en montes inscritos no Rexistro de Montes Ordenados** | ○ Si | ○ Non |
| **8- Os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental:** | ○ Si | ○ Non |
| **9- AFECCIÓNS** | | |
| - Afección do Camiño de Santiago | ○ Si | ○ Non |
| - Afección ao inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia | ○ Si | ○ Non |
| - Rede Natura 2000 e / ou nun habitat do anexo I da Directiva 92/43/CEE ou na Rede galega de espazos protexidos | ○ Si | ○ Non |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) Augas de Galicia | ○ Si | ○ Non |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Miño-Sil | ○ Si | ○ Non |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Cantábrico | ○ Si | ○ Non |
| - Afección ribeira (zona policía 5-100 m) CH do Douro | ○ Si | ○ Non |
| - Afección en áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) e/ou lugares de especial interese paisaxístico (LEIP) | ○ Si | ○ Non |
| - Afección zona de servidume de protección do dominio público marítimo – terrestre | ○ Si | ○ Non |
| - Afección zonas de protección de estradas – Xunta de Galicia | ○ Si | ○ Non |
| - Afección zonas de protección de estradas – Deputación Provincial | ○ Si | ○ Non |



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

## TIPO DE ACTUACIÓN E DATOS DO INVESTIMENTO

| PROVINCIA | CONCELLO | ORZAMENTO TOTAL DO INVESTIMENTO SEN IVE |
|---|---|---|
| | | |

| Tipo de actuación (segundo o artigo 4 e anexo IX) | Actuación | Superficie total por tratamento (en hectáreas) ou unidades | Investimento (sen ive) |
|---|---|---|---|
| ☐ Rozas | ☐ Roza manual | | |
| | ☐ Roza mecanizada | | |
| ☐ Formación de guía e poda | Formación de guías en que se manifeste nitidamente a dominancia apical e a poda ata 1/3 da altura como mínimo | | |
| ☐ Selección de abrochos | Selección de abrochos | | |
| ☐ Desmestas | Desmestas | | |
| ☐ Aumento da densidade en masas consolidadas de frondosas autóctonas | ☐ Apertura manual dun burato de 40 cm × 40 cm con profundidade mínima de 40 cm | | |
| | ☐ Ud. frondosa 1 zume maior de 20 cm e ata 35 cm | | |
| | ☐ Ud. frondosa 1 zume maior de 35 cm con terrón | | |
| | ☐ Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 35 cm e ata 60 cm | | |
| | ☐ Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 60 cm e ata 100 cm | | |
| | ☐ Ud. frondosa 2 zumes repicado maior de 100 cm | | |
| | ☐ Unidade de protector de planta, incluso colocado | | |
| | ☐ Unidade de titor para frondosa incluso colocado | | |
| | ☐ Unidade plantación manual dunha planta de frondosa sobre aburatamento | | |
| ☐ Outras actuacións elexibles | ☐ Redacción de proxecto | | |
| | ☐ Panel identificativo | | |
| ☐ Eliminación, extracción ou triturado de restos | Eliminación, extracción ou triturado de restos | | |

## A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | IMPORTE (€) |
|---|---|
| | |
| | |
| | |

2. Que, en relación coas axudas *de minimis*:

○ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.

○ Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

| ORGANISMO | ANO | DISPOSICIÓN REGULADORA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |
| | | | |

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

4. Que cumpre coas obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de que non está incursa en ningunha clase de inhabilitación de axudas previstas no seu artigo 10. Ademais, a entidade beneficiaria non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)**

5. Que cumpre as disposicións contidas na orde.

6. Que non está inmersa nun proceso de concurso de acredores nin se encontra en situación de crise conforme a normativa comunitaria.

7. Compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR, en concreto as seguintes:
   i. Declaración responsable do cumprimento do compromiso de etiquetaxe verde e dixital prevista no PRTR, con base no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia. As actuacións contempladas nesta liña de axudas teñen asignado un campo de intervención cuxo código é o 050 con unha contribución do 40% aos obxectivos climáticos e do 100% aos obxectivos medioambientais.
   ii. Declaración responsable do cumprimento do compromiso do principio horizontal de «non causar prexuízo significativo» (Do no significant harm, DNSH) que define o artigo 2.6 do Regulamento (UE) nº 2021/241do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, respecto dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) nº 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE):
      a) Mitigación ao cambio climático.
      b) Adaptación ao cambio climático.
      c) Uso sustentable e protección dos recursos hídricos e mariños.
      d)Transición cara a unha economía circular.
      e) Prevención e control da contaminación.
      f) Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.
   Atendendo ao concreto tipo de actuación, poderá resultar esixible o condicionado específico que recolle o apartado 8 do compoñente 4 do PRTR para este investimento (C04.I03).

8. Que como persoa beneficiaria das axudas financiadas con recursos provenientes do plan de recuperación, transformación e resiliencia, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 4 «Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade», coñezo a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:
   a) A letra d) do apartado 2: «a efectos de auditoría e control e para dispoñer de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, solicitar e asegurar o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:
      i. O nome do perceptor final dos fondos;
      ii. O nome do contratista e do subcontratista, cando o perceptor final dos fondos sexa un poder adxudicador de conformidade co Dereito da Unión ou nacional en materia de contratación pública;
      iii. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos ou do contratista, segundo defínese no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello (26);
      iv. Unha lista de medidas para a execución de reformas e proxectos de investimento no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público das ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».
   b) Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».
   Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

9. Que como persoa beneficiaria das axudas financiadas con recursos provenientes do plan de recuperación, transformación e resiliencia, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no Compoñente 4 «Conservación e restauración de ecosistemas mariños e terrestres e a súa biodiversidade» manifesto o compromiso cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados. Adicionalmente, atendendo ao contido do plan de recuperación, transformación e resiliencia, comprométome a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do non significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesto que non incorro en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Documentación xeral** | | | |
| Acreditación da propiedade: | | | |
| Para CMVMC, montes de varas, abertais, de voces, de vocerío ou de fabeo e SOFOR | | | |
| ☐ Declaración responsable da propiedade de acordo co seu correspondente rexistro | | | |
| Para propietarios particulares de xeito individual: | | | |
| ☐ Por calquera documentación xustificativa da propiedade admisible en dereito ou no seu defecto mediante declaración xurada. | | | |
| Para proindivisos, proindivisos legalmente constituídos, asociacións e agrupacións de propietarios legalmente constituídas excepto SAT ou cooperativas: | | | |
| ☐ Copia do documento que acredite a propiedade dos terreos (só para os efectos desta orde) ou no seu defecto mediante declaración responsable | | | |
| Para SAT ou cooperativas: | | | |
| ☐ Certificado do responsable do Rexistro de SATs e do responsable do rexistro de cooperativas de Galicia | | | |
| Para entidades locais | | | |
| ☐ Documento que acredite a propiedade do terreo | | | |
| Para titulares non propietarios do terreo | | | |
| ☐ Copia do contrato de arrendamento ou de xestión. | | | |
| As entidades locais, as persoas xurídicas e os propietarios particulares de xeito individual que soliciten axuda para unha superficie de actuación igual ou superior a 10 hectáreas | | | |
| ☐ Proxecto (en formato PDF ou similar, e coa cartografía en soporte dixital en formato vectorial), de acordo co establecido no anexo XI, asinado con certificado dixital por unha persoa titulada en enxeñería de montes ou enxeñería técnica forestal, ou titulada universitaria de grao ou posgrao en materia forestal, e co nomeamento do director de obra. | | | |
| Para todo tipo de solicitante: | | | |
| ☐ Orzamentos ou facturas *pro forma* | | | |
| ☐ Un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores/as, nas que figurarán detalladas as actuacións a realizar (so no caso de que o importe do gasto subvencionable sexa igual ou superior aos importes de contrato menor segundo o art. 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público) | | | |
| ☐ Número de expediente dixital da adhesión a modelos silvícolas ou de xestión forestal, excepto en instrumentos de ordenación ou xestión forestal inscritos no Rexistro de Montes Ordenados: | | | |
| ☐ Declaración responsable da clasificación urbanística das parcelas e localización dos planos do PXOM ou nas normas subsidiarias ou no PBA | | | |
| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
| ☐ Acreditación da representación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna | | | |
| **Documentación específica** | | | |
| 1. Para asociacións formalmente constituídas inscritas no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia | | | |
| ☐ Anexo II - Acordo de cesión asinado polas persoas asociadas titulares da superficie incluída na solicitude de subvención. | | | |
| 2. Para persoas propietarias particulares de modo individual con superficie de actuación inferior a 10 hectáreas | | | |
| ☐ Anexo IV - Documento descritivo das actuacións | | | |

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (continuación)**

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3. Para actuacións liña I non inscritas no RMCFA e liña II | | | |
| ☐ Plano identificativo das parcelas de actuación que inclúa superficie de actuación, relación de polígonos, parcelas catastrais e idade media da masa | | | |
| 4. Para os proindivisos, os montes de varas, abertais, de voces, de vocerío, de fabeo e as comunidades de bens | | | |
| ☐ Anexo III- Acordo de compromisos e obrigas | | | |
| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
| ☐ Acreditación da persoa física representante | | | |
| **Documentación complementaria** | | | |
| 1. Para CMVMC | | | |
| ☐ Certificado do acordo tomado en asemblea xeral, asinado pola/a secretario/a, co visto e prace do presidente/a, conforme autorizan ao/a presidente/a da CMVMC a pedir axudas á Consellería do Medio Rural para a execución das accións obxecto da solicitude | | | |
| 2. Para cooperativas agrarias | | | |
| ☐ Certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita | | | |
| ☐ Anexo V - Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado | | | |
| 3. Para outras entidades xurídicas (asociacións, agrupacións, SOFOR, etc...) | | | |
| ☐ Certificado do responsable do rexistro conforme se atopa inscrita | | | |
| ☐ Anexo V - Certificado do acordo de solicitude de subvención, debidamente asinado | | | |
| 4. Solicitude ou autorizacións/Informes dos órganos competentes indicados no artigo 10 apartado 2 (incluída solicitude de avaliación de impacto ambiental se fose o caso) | | | |
| | ÓRGANO | CÓD. PROC. | ANO |
| ☐ Solicitude ou autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda teñen actuacións en zona clasificada como Rede Natura 2000 ou, no seu defecto, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente. | | | |
| ☐ Solicitude ou autorización/Informe do órgano competente indicando que a superficie obxecto de solicitude de axuda comprende zona de protección lateral do Camiño de Santiago ou, no seu defecto, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente | | | |
| ☐ Solicitude ou autorización/Informe do órgano competente indicando que a Superficie obxecto de solicitude de axuda afectada pola normativa de patrimonio cultural de Galicia conforme o Decreto 232/2008, do 2 de outubro, e calquera outra afección segundo a lexislación sectorial vixente en materias distintas da forestal ou, no seu defecto, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente | | | |
| ☐ Solicitude ou autorización/Informe do órgano competente indicando que os traballos obxecto de solicitude de axuda precisan avaliación de impacto ambiental ou, no seu defecto, a solicitude das correspondentes autorizacións/informes perante o devandito órgano competente | | | |
| 5. No caso das entidades locais | | | |
| ☐ Certificado do/da secretario/a municipal conforme se informou á Xunta de goberno local da solicitude de axuda. | | | |

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

| Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos. | OPÓÑOME Á CONSULTA | |
|---|---|---|
| DNI/NIE da persoa solicitante | ☐ | |
| DNI/NIE da persoa representante | ☐ | |
| Estar ao día no pagamento das obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social | ☐ | |
| Estar ao día no pagamento das obrigas coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia | ☐ | |
| Estar inhabilitado para recibir subvencións públicas | ☐ | |
| Ter recibido axudas pola regra *de minimis* | ☐ | |
| Consulta de concesións de Subvencións e axudas | ☐ | |
| Inscrición no rexistro de montes ordenados | ☐ | |
| Inscrición no rexistro de masas consolidadas de frondosas autóctonas | ☐ | |
| Inscrición no rexistro público de terreos forestais de pastoreo | ☐ | |
| **CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS**<br>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente. | AUTORIZO A CONSULTA | |
| NIF da entidade solicitante | ○ Si | ○ Non |
| Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria | ○ Si | ○ Non |

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS | |
|---|---|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural. |
| Finalidades do tratamento | Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXPD e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xulio, de administración dixital de Galicia. |
| Destinatarias dos datos | As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en (https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos). |
| Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información | (https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos) |

CVE-DOG: qumnrjv5-70k8-xcv1-3hg4-52t8w0obfsq0

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I
(continuación)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en concorrencia competitiva, para a rexeneración e/ou mellora en masas consolidadas de frondosas autóctonas e para a xestión forestal sustentable para usos silvopastorais en masas consolidadas de frondosas autóctonas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se convocan para o ano 2024 (códigos de procedemento MR620C e MR620D).

